

**Temporada 2015. Nova producción**

# **“O PRINCIPIO DE ARQUÍMEDES”**

de Josep Maria Miró i Coromina

(Premio Born de Teatro 2011)



**Toni Salgado**

**María Barcala**

**Alberto Rolán**

**Marcos Vieitez**

**Dirección: Xúlio Lago**

**TEATRO DO ATLÁNTICO**  
**1985/2015. 30 Anos**



[www.teatrodoadatlantico.com](http://www.teatrodoadatlantico.com)

## Ficha Técnica

<u>Espectáculo</u>	<b><u>"O principio de Arquimedes"</u></b>
<u>Autor:</u>	<b><u>Josep Maria Miró i Coromina</u></b>
<u>Traducción:</u>	<b><u>Afonso Becerra de Becerreá</u></b>
<u>Escenografía</u>	<b><u>Baltasar Patiño</u></b>
<u>Vestuario:</u>	<b><u>Susa Porto</u></b>
<u>Música e espazo sonoro</u>	<b><u>Anxo Graña</u></b>
<u>Diseño de Iluminación:</u>	<b><u>Baltasar Patiño / Xúlio Lago</u></b>
<u>Fotografía e diseño cartel</u>	<b><u>Tino Viz/Margen</u></b>
<u>Axudante Dirección</u>	<b><u>Diego Rey</u></b>
<u>Dirección</u>	<b><u>Xúlio Lago</u></b>

### Intérpretes :

Ana .....	<b><u>María Barcala</u></b>
Xurxo .....	<b><u>Toni Salgado</u></b>
Heitor .....	<b><u>Alberto Rolán</u></b>
Davide.....	<b><u>Marcos Vieitez</u></b>

### Técnicos de Escena: RTA

(Esta peza obtivo o XXXVI premio Born de Teatro 2011, cun jurado integrado por Carles Alberola, Joan Arrom, Sergi López, Esteve Miralles e Magda Puyo)



#### • Sinopse argumental

Os pais duns rapaces que asisten a uns cursos de natación infantil preséntanlle á directora do Centro as queixas sobre o inadecuado comportamento dun monitor, quen tratando de tranquilizar a un cativo, asustado ao ter que prescindir do “salvavidas” para lanzarse á piscina, abrazouno e deulle un bico, segundo lles contou aos pais unha nena compañoira de cursiño .

O adestrador explica que o único que fixo foi intentar calmar a angustia do rapaz e axudalo a tranquilizarse, pero os pais non aceptan esa versión dos feitos e o conflito, lonxe de resolverse, non para de medrar.



### • Sospeita. Medo. Violencia

*¿preferimos vivir nun mundo onde áinda é permitido un xesto de tenrura cun cativo, áinda que así queden fendas para os abusos, ou preferimos unha sociedade de seguridade reforzada que impón o control dos individuos para previr calquera risco?. A proliferación dos dispositivos de seguridade fai pensar que a escolla xa está feita.(Laurent Gallardo, tradutor da Maison Antoine Vitez)*

Sobre a figura dun adestrador de natación con alumnos infantís, recae a sospeita, manifestada polos pais dos rapaces, de que puidera tratarse dun pederasta. A sospeita –provocada por un feito con tantos argumentos para que sexa fundada como para que sexa absolutamente infundada --, medra pouco a pouco e alimenta o medo, esa sombra negra que, ao que parece, xa se converteu en presenza inevitable na nosa sociedade.

Claro que hai moitas categorías de medo. E aquí estamos a tratar cun medo especialmente perigoso que ten que ver co posible dano que alguén lle poida facer aos nosos fillos. E consecuentemente tamén xogamos coa posible cegueira, coa ofuscación duns pais nos que ese medo elimina, se cadra, a posibilidade de relativizar a sospeita.

O autor, Josep María Miró, di que “vivimos nunha sociedade que vende medo e seguridade ao mesmo tempo”. Unha mestura diabólica que, se cadra, foinos enviada polos americanos, pois é materia que semellan controlar amplamente.

## EQUIPO ARTISTICO



- JOSEP MARIA MIRÓ i COROMINA , o autor

Autor e director. Licenciado en dirección e dramaturxia no Institut del Teatre de Barcelona (2008) e en periodismo pola Universitat Autònoma de Barcelona -UAB- (2000). É membro do comité de lectura do Teatre Nacional de Catalunya desde a temporada 2013-14.

Autor de ***Estripar la terra*** (2014), ***Fum*** (2012), ***Nerium Park*** (2012), ***El principi d'Arquimedes*** (2011), ***Gang Bang (Obert fins l'hora de l'Àngelus)*** (2010/2011 – Autor residente no Teatre Nacional de Catalunya), ***La dona que perdia tots els avions*** (2009), ***Una història explicada del revés, o no*** (2009) –Ciclo Assajos Oberts. Teatre Lliure-, ***La dona i el debutant*** (2008) ou ***Quan encara no sabíem res (Poema dramàtic per a sis veus urbanes i un músic)*** (2007), entre outros. Ten recibido máis dunha decena de galardóns polos seus textos teatrais, entre os que podemos destacar o prestixioso **Premi Born** -en dúas ocasións, os años 2009 e 2011-, **Premi Ramon Vinyes**, **Fundació Teatre Principal**, **Marqués de Bradomín**, **Evaristo Garcia de teatre d'Alacant**, **50è. Crèdit Andorrà de Teatre** e finalista internacional de ***Stückmarkt 2009*** que organiza o *Berliner Festspiele* entre autores de toda Europa. Os seus textos foron traducidos a varios idiomas (Inglés, francés, ruso, español, galego, entre otros).

A súa obra ***O principio de Arquímedes*** estreouse en diversos países, entre eles, Buenos Aires (Teatro San Martín), Puerto Rico (Festival de Teatro de Puerto Rico), México DF (Teatro Julio Castillo/Foro Lucerna), San Petersburgo, Londres (Park Theatre), entre outros, e tamén se realizaron lecturas dramatizadas en París, Caen (Normandía), La Mousson d'Éte ou Moscou. O director Ventura Pons ten anunciada unha versión cinematográfica, coa colaboración de Miró i Coromina no guión.

Leva participado en varios intercambios Internacionais en **Théâtre Ouvert** (París, Francia), **Panta Théâtre** (Caen, Francia) ou no **Centro per directores i dramaturgos de Moscou** (Moscú, Rússia) ou **la Mousson d'Été** (Pont-a-Môusson, Francia). En 2013 foi **autor residente en la EMAD** (Escuela multidisciplinar de artes escénicas de Montevideo -Uruguai-).

É tamén autor de varias dramaturxias, entre elas, ***Com si entrés en una pàtria*** (2010) –A partir de poemas e artigos periodísticos de Joan Maragall-, ***Cocaïna, absenta, pastilles de valda i cafè amb llet*** (2009) –A partir de materiais de Domènech de Bellmunt, Sebastià Gasch, Josep Maria Planas, Santiago Rusiñol e Àngel Zúñiga- ou o infantil ***5 contes diferents*** (2010).

Ten dirixido textos propios e tamén ***La voix humaine*** con texto de Jean Cocteau e música de Francis Poulenc –Espai Brossa 2010 – e os espectáculos de creación con Marc Artigau dentro do ciclo **Drames litúrgics al Monestir de Santa Maria de l'Estany** nas edicións correspondentes ao 2009/10/11.

Traballou de xornalista en **Radio Nacional d'Espanya**, **COM Ràdio**, **La Revista de la UNESCO a Catalunya**, o xornal **El 9 Nou**, a web **bcn.cat**. Exerceu de docente na **Escola Superior de Cinema i Audiovisuals de Catalunya** e para a axencia de comunicación **Klar Fotoperiodistes** na Universitat Autònoma de Barcelona -UAB-.



- XÚLIO LAGO, Dirección de escena

– Comeza a súa actividade profesional no ano 1974, en Vigo, coa creación do grupo “**Esperpento**” con intensa actividade creativa e organizativa na cidade durante varios anos, trasladándose a Madrid en 1978, e promovendo alí a creación do grupo “**La Picota**”, compañía que alcanza gran repercusión de crítica e público por todo o Estado. Retornado a Galiza, dirixe “**Teatro da Mari-Gaila**” (Santiago de Compostela, 1979-1984)

No ano 1984 forma parte do colectivo de profesionais que promoven a creación do **Centro Dramático Galego**.

Crea e dirixe a Compañía “**Teatro do Atlántico**”, 1985, coa que desenvolve un traballo fundamentalmente de Dirección coa posta en escena de textos de autores contemporáneos como Ibsen, Fassbinder, Heiner Müller, Roberto Salgueiro, Teresa Moure, Desola, García Lorca, Sanchis Sinisterra ou Harold Pinter.

Paralelamente ao seu traballo en Teatro do Atlántico, ten colaborado con outras Compañías, entre as que cabe subliñar o traballo feito coa Compañía **Teatro do Noroeste de Viana do Castelo**, **Talía Teatro** ou **Lagarta Lagarta**. Ten participado tamén periódicamente como actor en varios espectáculos do **C.D.G.**, asumindo a dirección de cinco das producións daquela Compañía Institucional: “A fiesta valdeira”, de Rafael Dieste, “A noite vai coma un río”, de Alvaro Cunqueiro, “Seis personaxes á procura de autor”, de Pirandello, “Woyzzeck”, de Büchner e “As Actas escuras”, de Roberto Vidal Bolaño.



- MARÍA BARCALA, intérprete de Ana

Na súa intensa e ininterrompida actividade profesional, iniciada con “**Teatro da Mari-Gaila**” (Compostela, 1979), leva incorporado a moitos dos grandes personaxes femininos na historia do teatro moderno, como a Nora de “Casa de bonecas”, de Ibsen, a Marteuil de “Quartett”, de Heiner Müller, a marabillosa Natalia de “O cerco de Leningrado”, de Sanchis Sinisterra, a inmensa Clitemnestra de “Clitemnestra ou o crime”, de Marguerite Yourcenar, a Dona Inés de “A noite vai coma un río”, de Cunqueiro ou a Rosalía de Castro, de “Rosalía”, de Otero Pedrayo.

De especial valoración son merecentes as súas creacións de “Solo para Paquita”, de Ernesto Caballero, “A marabillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces”, de Carlos Queiroz, ou a Maureen de “A raíña da beleza de Leenane”, de Martin McDonagh. “Memoria de Helena e María”, de Roberto Salgueiro, “E.R.” de Benet i Jornet, e “A charca inútil”, de Desola, son os seus traballos más recentes.

Entre outras das compañías coas que ten traballado figuran “**Teatro Guirigai**” (Madrid), **Ítaca Teatro** (Compostela), ou **Teatro do Noroeste** (Compostela), ademais de formar parte durante varias temporadas do elenco estable do **Centro Dramático Galego** e de **Teatro do Atlántico**, compañía da que é cofundadora.

Na súa traxectoria, figura un traballo continuado de formación, participando en Cursos e Seminarios con especialistas en diversas materias teatrais, como Natalia Zvereva, Albert Boadella, Martín Adjemián, Eduardo Puceiro, María Ruíz, Augusto Fernández, José Sanchis Sinisterra, Nikolai Karpov, Judith Wainer, Irina Promptovna, Jesús Aladrén, etc.



- TONI SALGADO, intérprete de Xurxo

Actor representativo das novas xeracións de profesionais que levan anos desenvolvendo un interesante e comprometido traballo interpretativo. Salgado posúe xa un amplio e variado currículo de actividade profesional como actor, parcela que compaxina coa continuidade dos seus estudos de Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Ten participado como actor en traballos do **Centro Dramático Galego**, ("A boa persoa de Sezuan"de Bertolt Brecht, "O regreso ao deserto" de Koltés), e noutrios de diversas compañías como **A Factoría Teatro**: ("O canto do Dime-Dime" de D. Danis, "Os homes só contan ate tres" de A. Lopo, "Castronós. O baile", colectiva , "Sr.Mundo, dígame?", AA.VV., "Pendurados dun verbo"); **A Producións Artísticas** (O Gordo e o Fraco", de J. Mayorga, "Alicia&Alicia" de P. Carballeira); **Ónfalo Teatro** (Na meta, de T. Bernhard); ou UTTopico Teatro ("Faust.Box" de f. Godón e "Antiheroica" de V. Sotelo), entre outros.

Toni Salgado é Diplomado en Maxisterio – Educación Musical e Licenciado en Pedagoxía. Actualmente cursa 2º de Dirección Escénica e Dramaturxia na ESAD de Galicia.



- ALBERTO ROLÁN, intérprete de Héctor

Alberto Rolán leva desempeñada nos últimos dez anos unha intensa actividade interpretativa en Teatro, Televisión e Cine, con traballo en distintas compañías (Centro Dramático Galego, Lagarta Lagarta, Bababum ou Malasombra), e participación con personaxes fixos e episódicos en numerosas series de televisión (Rias Baixas, As leis de Celavella, Terra de Miranda, Matalobos, Piratas, Escoba, O Faro, etcétera)

Entre os espectáculos teatrais nos que ten traballado como actor podemos subliñar "A boa persoa de Sezuan" de Bertolt Brecht, "Retorno ao deserto" de Koltés ou "Longa viaxe cara á noite" de O'Neill, co **Centro Dramático Galego**; "Casting"de Roger Justafré, con **Lagarta Lagarta**; "Smoke City" e "Go on" de José Prieto, e "O día do pai" de Gabriel Olivares, con **Malasombra**; ou "Os bababum", musical infantil coa compañía **Bababum**



#### ■ MARCOS VIEITEZ, intérprete de David

Actor de forte personalidade interpretativa, con longa e recoñecida traxectoria no teatro e na televisión, inicia o seu traballo no teatro profesional con **Teatro de Ningures**, ("María Soliña", de E. Vázquez e X.M.Pazos; "Electra", de Otto von Hommestalf), e ten colaborado intensamente en longos períodos co **Centro Dramático Galego**, participando en máis dunha ducia das súas producións ("Como en Irlanda" de J.M.Synge - A.Vilar Ponte.; "Lugar", de Raúl Dans, "O colaborador", de Dürrenmatt, "O ano do cometa", Quico Cadaval-Alvaro Cunqueiro , "As actas escuras", de R.B.Bolaño, ou "Longa viaxe cara a noite", de O'Neill, entre outras)

Participou tamén en producións de **Tanxarina** ("Coca, a volta da besta"), **Teatro do Malbarate** ("Xogos á hora da sesta", de Roma Mathieu) e **Teatro do Atlántico** ("Tolos de amor", de Sam Shepard, "Casa de bonecas", de Ibsen, "A raiña da beleza de Leenane", de Martin McDonagh e "A charca inútil", de Desola).

É un actor con importante presenza en producións para a televisión ("As leis de Celavella", "Farmacia de Guardia", "Canguros", "Pratos Combinados", "Mareas vivas", "Un mundo de historias", "Matalobos", etcétera).

En longametraxes, ten participado, entre outros filmes, en "Fuxidos", "Ilegal" e "Heroína"

### A Compañía

**Teatro do Atlántico**, (Culleredo-A Coruña), constitúese no ano 1985. Leva realizadas ata o momento 30 producións, entre as que podemos subliñar "Xoana", de Manuel Lourenzo, "Casa de Bonecas", de Henrik Ibsen, "A noite das Tríbades"de Olov Enquist, "Amor de don Perlimplín con Belisa no Xardín", de García Lorca, "Solo para Paquita",de Ernesto Caballero, "O cerco de Leningrado", de Sanchis Sinisterra, "Vanzetti", de Luís Araújo, "Unha primavera para Aldara", de Teresa Moure, "O encoro", de Conor McPherson, "A raiña da beleza de Leenane", de Martín McDonagh , "Memoria de Helena e María", de Roberto Salgueiro ou "A charca inútil", de David Desola.

As súas producións son representadas por toda Galicia e teñen realizado xiras por case todas as autonomías do Estado español, con participación en numerosos festivais nacionais e internacionais de Teatro, como o Iberoamericano de Cádiz , o FITEI, de Porto, o FIOT de Carballo, o MITEU de Ourense, o Latinoamericano de Córdoba (Arxentina), o Internacional de Caracas (Venezuela), o Internacional de Ribadavia, o FESTEIXO, de Viana do Castelo, a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Festival de Teatro de Cee, Muestra de Teatro de las Autonomías "Villa de Madrid", ou o Festival de Palencia, sendo presentados os espectáculos sempre en Lingua galega.

A lo largo destes anos os diferentes espectáculos levados a cabo por Teatro do Atlántico acadaron un total de 51 Nominacións e **24 PREMIOS DE TEATRO**: María Barcala, Casilda García, Susana Dans, María Bouzas e Gonzalo Martín Uriarte recibieron importantes premios de Interpretación en papel Protagonista por traballos realizados coa Compañía, premiada tamén varias veces nos apartados de Dirección (Xúlio Lago), Escenografía (Antonio F.Simón, Carlos Alonso), Actor Secundario (Toño Casais) ou Mellor Espectáculo ("Unha primavera para Adara", "A raiña da beleza de Leenane", "A noite das Tríbades", "O Encoro").